



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VILALBA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS LOIS PEÑA NOVO E ACCESO Á ESTACIÓN DE AUTOBUSES.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Vilalba, enmárcase na petición formulada polo concello ao amparo da Resolución do 15 de xuño de 2016, da da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016 (DOG do 20 de xuño).

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**”.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Vilalba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Vilalba, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “**humanización das rúas Lois Peña Novo e acceso á estación de autobuses**”.





5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Vilalba trata de promover unha actuación consistente na “**humanización das rúas Lois Peña Novo e acceso á estación de autobuses**”.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

Constitúen obxectivos do Plan *hURBE*, entre outros, os de:

- Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
- Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos núcleos urbanos das vilas e tamén, no seu caso, dos núcleos rurais do territorio galego.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia promoverá a execución de equipamentos urbanos municipais, có fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, co fin de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Promoveranse todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Fomentarase, así mesmo, a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo.

O concello presenta un documento técnico que define a actuación obxecto do convenio, e que en síntese, resúmese no seguinte contido:

- Pavimentación zona de rodadura nas dúas rúas, mediante aglomerado asfáltico
- Renovación pavimento das beirarrúas mediante baldosa hidráulica

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**” contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto





no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela , 17 de xuño de 2016. María Encarnación Rivas Diaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

